

## 1º Texto galego:

### Malcriada- Sther Carrodeguas

...

gostaría de pagar cos meus impostos  
a palabra

AMOR

pronunciada nun teatro  
pronunciada por unha actriz  
grazas a unha subvención  
pública  
xustamente esa palabra

AMOR

no teatro  
mesmo supoñendo que eu non puidese entrar  
no teatro  
por non ter cartos suficientes  
para unha entrada  
gostaríame pagar unha obra de teatro  
na que a protagonista fose unha muller coma min  
unha muller de merda  
para que os ricos que si poden entrar  
tivesen que mirar de fronte a unha realidade  
que normalmente miran de esguello  
que non lles quedase máis remedio  
que mirar  
alí arriba  
a unha muller tan desprezada por eles  
e que lle tivesen que aplaudir  
que tivesen que aplaudir a rabiar  
porque o papel o fai unha actriz moi boa  
das que saen na tele  
das que saen nas películas  
das que abren os corazóns  
das que emocionan e fan chorar  
e que tivesen que chorar  
pola pobre da muller  
e que se cadra  
ao chegar á casa  
tivesen que pensar que iso  
que iso que viron no teatro  
ese espectáculo  
o teñen na casa  
todos os días

o máis probable é que se fagan os parvos e as parvas  
mais haberá alguén que mira ti  
que pode ser  
que quen sabe  
e daquela quizais  
unha coma min  
unha criada malcriada  
coma min  
malcriada pola sociedade  
digo  
podería cambiar de rango  
e pasar de ser criada a ser persoa  
e só por esa colega  
que sobe de B a A  
terían valido a pena  
os meus impostos  
si  
gostaría de pagar cos meus impostos  
a palabra  
AMOR  
pronunciada nun teatro

## 2º Texto galego:

### Batallas – Clara Gayo

#### PAN E CEBOLAS

Ti tesme a min e eu téñote a ti.

Aínda que non o diga papel ningún, témolo. Non queremos máis do que o resto, nin sequera semellante. Non queremos repetir dúas veces nin telo todo máis grande, mellor e a pares. Non é certo que nos guste o bo porque, total, non o probamos nunca, e ademais non cremos calquera cousa que nos din. Claro que non. Que ben que estás aquí... Nin sequera fai falta falar do que sexa, do que lle importa a todo o mundo ou do que non lle importa a ninguén... Non nos queixamos, por se acaso, se non temos unha cousa, teremos outra e nunca serán quen de nos convencer do contrario. Non temos présa, que présa temos? Xa non queda moito tempo...

E nunca deixaremos que o Banco prenda os nosos corazóns...

Xamais os nosos corazóns quedarán na caixa forte. Non compartirán espazos cos figados e os páncreas e os pulmóns de calquera persoa descoñecida... Que teremos que ver ti e máis eu, que terán que ver os nosos corazóns nunha caixa forte escura.

A caixa forte é inexpugnable, dentro non se ve nada. Se algo (por exemplo un intestino) rematara nunha caixa forte, non se podería recuperar xamais porque a caixa forte é inexpugnable. Por definición. Así que o noso intestino converteríase nun intestino cego e inaprensible. E dime ti que lle queda por facer a calquera que teña o intestino pechado e cego nunha caixa forte...

Por iso, ti e mais eu xamais deixaremos que o Banco prenda os nosos corazóns. Temos sorte: Ti tesme a min e eu téñote a ti.



